

Praza número: 15/6002 *Número de prazas:* 1

Categoría: Contratado/a Interino/a de Substitución

Dedicación: PARCIAL P05

Área de coñecemento: Dereito Administrativo

Departamento: Dereito Público Especial

Docencia: 612G01017 Actuación e Bens das Administracións Públicas; 4443202 Contratación

4500001 Lexislación. Regulación e Xestión

Centro: Facultade de Dereito

## RESOLUCIÓN

1.- Por resolución reitoral do 25 de febreiro de 2016 asignouse a praza descrita no encabezamento ao candidato D. Ramón Santiago Paz Lamela, una vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso, e o acordo adoptado pola Comisión de Reclamacións da UDC.

2.- Contra a precitada resolución tanto o adxudicatario como D<sup>a</sup>. Jennifer Sánchez González, candidata coa segunda mellor puntuación na proposta final, formularon sendos recursos de reposición ante o reitor, que logo dos correspondentes trámites de audiencia e informe da Comisión de selección foron resoltos conxuntamente nunha única resolución reitoral do 12 de setembro.

A dita resolución, logo de aplicar aos méritos aportados por ambos candidatos recorrentes as puntuacións correspondentes en cada caso, de conformidade aos criterios que fundadamente se determinaron como procedentes, fixou a ambos unha **puntuación final de 15.08 puntos**. Isto é, de empate, determinando a continuación que, ante a falta de previsión na convocatoria de criterios para resolver esta situación, e "en aras de preservar a imparcialidade da Universidade óptase pola realización dun sorteo público no entendemento de que é a única posibilidade que permite non prexulgar o resultado. O dito sorteo realizarase na Facultade de Dereito polo decano en presenza dos interesados recorrentes e de dúas testemuñas e se levantará acta ao efecto".

3.- En cumprimento da resolución reitoral do 12 de setembro, o día 11 de outubro o Decano da Facultade de Dereito realizou o sorteo nas condicións indicadas naquela, levantando acta do acontecido e do resultado do mesmo, resultando finalmente designada como adxudicataria da praza a candidata D<sup>a</sup>. Jennifer Sánchez González.

**Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e unha vez cumprimentado o especificado no punto 3 da parte dispositiva da resolución reitoral do 12 de setembro de 2016, resolutoria dos recursos de reposición antes descritos, resolve:**

**1º. Asignar a praza 15/6002 á concursante D<sup>a</sup>. Jennifer Sánchez González. A Sra. Sánchez deberá comparecer nas dependencias do Servizo de Persoal Docente e Investigador para asinar o correspondente contrato, nos prazos e demais condicións establecidas no punto 9 da resolución pola que se convocou a praza (RR 28/10/2015). A sinatura do contrato pola Sra. Sánchez implica o cese do Sr. Paz Lamela.**

**2º. Notificar esta Resolución á Sra. Sánchez González e ao Sr. Paz Lamela.**



**3º. Publicar esta Resolución no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña de acordo co disposto polo Regulamento de Creación e Ordenación da Sede Electrónica**

da UDC aprobado polo Consello de Goberno o 27 de xuño de 2012, modificado polo Acordo do Consello de Goberno do 28 de novembro de 2014.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

A Coruña, 24 de outubro de 2016

O reitor

Julio E. Abalde Alonso.